



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

A Coruña: coruna@cigtelefonica.com Teléfono 981183969 - Fax 981183679

Pontevedra: pontevedra@cigtelefonica.com Teléfono 986264949

Lugo: lugo@cigtelefonica.com / Ourense: ourense@cigtelefonica.com

Resposta ao discurso da empresa

A CIG estivo presente no acto que Guillermo Ansaldo, presidente de Telefónica España, celebrou no hotel Hesperia da Coruña. Mentres dentro do hotel se escoitaba o discurso oficial e monolítico da empresa, fóra, delegados e delegadas da CIG concentrámonos cunha pancarta e entregamos un escrito para facer patente que nós temos outro discurso.



Esta empresa non naceu hai tres días, nin é un invento da actual dirección de Telefónica, foi medrando e situándose onde está hoxe grazas á forza de traballo do seu persoal. Mentres algúns teiman en liquidar este modelo de empresa para acabar converténdoa nunha empresa de xestión, na CIG queremos reivindicar que estamos pola creación de emprego na Galiza, emprego de calidade que tanta falla nos fai.

Esta falla de compromiso co emprego de calidade na Galiza, abunda na política xeral de liquidación de emprego practicada por Telefónica nos últimos 15 anos, que levou o cadro de persoal desde un máximo de 76.000 traballadores no ano 1.993 ata a cifra actual de pouco máis de 28.000 persoas; non debe esquecerse que o emprego é unha vía de reparto da renda e da riqueza creada por unha sociedade.

Ao mesmo tempo que se destrúe Emprego Negociado Colectivamente e con dereitos, externalízanse e deslocalízanse actividades mediante emprego precarizado e miserabilizado, mentres asistimos ao medre continuado dos beneficios e dos salarios millonarios: os 17 membros do Consello de Administración cobraron máis de 27 millóns de Euros no 2009.

A redución de persoal veu acompañada da recenralización das relacións laborais e da eliminación

das direccións provinciais, deixando a estrutura empresarial na Galiza sen representantes cualificados máis alá dos encargados de transmitir ordes e repartir propaganda, o que devén na perda de calidade e adecuación do servizo ás características propias do país.

Hai que engadir o menosprezo polo Galego e os dereitos en materia de idioma, tanto cos traballadores coma cos clientes; nada que ver coa súa teórica responsabilidade corporativa nin co cumprimento da legalidade por parte dunha empresa que presta un servizo público no Estado Español, xa que este ratificou a Carta Europea das Linguas rexionais ou minoritarias.

Chamamos a atención sobre o recorte de dereitos sindicais e a represión, que acompaña a última ofensiva da Empresa contra todo o cadro de persoal, orientada a liquidar o "Emprego en Telefónica" tal como o coñecemos, negociado Colectivamente cos Traballadores, para substituílo por relacións laborais individualizadas e precarizadas.

O acto de hoxe é un exemplo da propaganda interna dun mundo ficticio, inexistente, de produción económica sen traballadores, sen dereitos sindicais e sen responsabilidade social dos axentes económicos diante das sociedades ás que din servir.



A CIG Telefónica seguirá a reivindicar en todos os foros o dereito a empregos dignos na nosa terra, o dereito á Negociación Colectiva e aos dereitos sindicais dos traballadores e traballadoras, Galegos e Galegas en particular, amais dos dereitos lingüísticos de traballadores, clientes e cidadáns da Galiza.

Galiza, 7 de abril de 2010